

CONDICIÓNS XERAIS DO SERVIZO TARXETA MÓBILES MOVISTAR.



Obxecto: Telefónica Móviles España, S.A.U., (en diante "Movistar") prestará ao cliente o servizo de comunicacións móbiles Movistar, incluídos os servizos de comunicacións electrónicas e valor engadido solicitados polo cliente no ámbito deste contrato. Así mesmo, facilitarase ao Cliente o acceso ao servizo de emerxencia 112, poñendo a disposición das autoridades receptoras destas chamadas a información relativa á localización da súa procedencia.

Segredo das comunicacións e integridade e seguridade das redes e servizos: Movistar adoptará os medios técnicos necesarios dispoñibles en cada momento que permitan protexer o segredo das comunicacións recoñecido constitucionalmente, sen prexuízo das interceptacións legais que, cando corresponda, poida ordenarse. Movistar quedará exonerada de toda responsabilidade que poida derivarse da obtención polo Cliente ou por terceiros de gravacións de conversacións telefónicas, do seu uso ou publicidade e, en xeral, de cantas accións ou omisións, non imputables e alleas a Movistar, quebranten a confidencialidade e o segredo das comunicacións telefónicas. Movistar adoptará as medidas técnicas admitidas pola lexislación vixente, a fin de manter a integridade das redes así como para procurar a súa seguridade contra calquera acceso non autorizado.

Terminais: Só poderán conectarse ao servizo telefónico móbil dispoñible ao público aqueles modelos de terminais que consten do correspondente certificado de aceptación, emitido polo organismo competente designado con tal fin pola Administración Pública.

Inicio do servizo e duración: Movistar comprométese a iniciar ou rexeitar a prestación do servizo no prazo máximo de vinte días desde a data de formalización do presente contrato, sendo a súa duración indefinida, sen prexuízo do establecido na Cláusula de "INTERRUPCIÓN DEFINITIVA DO SERVIZO".

Prezos: Movistar aplicará os prezos vixentes para cada modalidade contratada. Esas condicións económicas facilitanse ao cliente nun anexo ao presente contrato. Así mesmo os prezos de Movistar están dispoñibles, perfectamente actualizados para a súa consulta na páxina web www.movistar.es. Por outra banda, tamén poderá consultar os prezos a través dos números de atención telefónica habilitados para tal efecto. O cliente poderá solicitar e recibir gratuitamente en calquera momento a información do prezo solicitado por escrito.

Dereito de desconexión: O cliente ten dereito a solicitar a Movistar a desconexión dos servizos de chamadas internacionais e de chamadas e mensaxes curtas a servizos de aplicación de tarifa adicional, mediante unha chamada ao 224430 ou a través da páxina web www.movistar.es. Movistar realizará a devandita desconexión no prazo de 10 días desde a recepción da solicitude do cliente neste sentido. No caso de que a devandita desconexión non se producise tras eses 10 días, por causas non imputables ao cliente, serán de cargo de Movistar os custos derivados do servizo cuxa desconexión se solicitou.

Recarga da tarxeta: O cliente poderá recibir información sobre as diferentes modalidades de recarga da tarxeta móbiles Movistar a través dos números de teléfono 224430 e 1004 e en www.movistar.es

Suspensión temporal do servizo: Movistar No caso de que se producira un impagamento, Movistar poderá suspender o servizo impagado desde a data en que teña coñecemento de tal circunstancia. Mentres dure a suspensión, o cliente poderá recibir chamadas (excepto cando se atope fóra do territorio

español ou se trate de chamadas a cobro revertido), así como realizar chamadas ao servizo de emerxencia 112. Unha vez teña constancia de que o importe adecuado foi satisfeito restablecerá o servizo e ordenará un cargo de 30,25 € (IVE incluído). Movistar poderá suspender a prestación do servizo telefónico no suposto de existir fraude ou circunstancias que obxectivamente fagan presumir o uso ilícito do servizo, e no suposto no que o cliente fora declarado en concurso de acredores. Nestes supostos quedará supeditado o restablecemento do servizo á chegada das garantías solicitadas por Movistar, de conformidade co disposto na cláusula "Depósitos de Garantía". O cliente ten dereito a solicitar e obter de Movistar a suspensión temporal do servizo por un período determinado que non será menor dun mes, nin superior a tres meses. O período de suspensión non poderá exceder, en ningún caso, de noventa días por ano natural. Durante o tempo que dure a suspensión temporal facturarase ao cliente un importe de 10,89 euros mensuais (IVE incluído), en concepto de dispoñibilidade do servizo para recibir chamadas.

Interrupción definitiva do servizo: O presente contrato extinguirase, coa conseguinte interrupción definitiva do servizo, polas causas xerais admitidas en Dereito e, especialmente, polas seguintes:

a) Por decisión do cliente, comunicada a Movistar, cunha antelación mínima de dous días hábiles respecto da data da extinción. O cliente poderá exercer o seu dereito a pór fin ao contrato na mesma forma en que o celebrou.

b) Por grave incumprimento das obrigas derivadas do presente contrato, así como por unha utilización do servizo contraria á boa fe ou ás prácticas comunmente aceptadas como de correcta utilización nos servizos de telefonía móbil.

c) Por ausencia de recargas e caducidade do saldo. A tarxeta terá unha vixencia inicial de 6 meses, desde a data de activación da mesma ou desde a última recarga realizada polo cliente. No entanto, esgotado o saldo da tarxeta, o cliente dispón dun prazo de 54 días para realizar unha nova recarga. Nese caso, iniciarase un novo prazo de 6 meses de vixencia. Durante os devanditos períodos, o cliente poderá dirixirse a Movistar, para identificarse como usuario da liña, a efectos da devolución do saldo.

d) Por uso ilícito ou indebido do servizo que implique a utilización da condición de cliente para levar a cabo unha actividade empresarial, profesional, ou económica cuxo obxecto sexa a cesión ou revenda do servizo Movistar e/ou o reencaminamento de chamadas ou de tráfico cara a terceiros.

Compromisos de calidade: Movistar aplicará os mellores avances técnicos e de procedemento para asegurar en todo momento a máxima calidade en todas as comunicacións obxecto do servizo.

I.- No caso de que se producise unha interrupción temporal do servizo, o cliente terá dereito a unha indemnización automática (sempre que a mesma sexa superior a 1 euro), cuxa contía será igual á maior das dúas seguintes: 1) a media do importe facturado por todos os servizos interrompidos durante o tres meses anteriores á interrupción, rateada polo tempo que durara a mesma en caso dunha antigüidade inferior a tres meses, considerárase o importe da factura media nas mensualidades efectuadas ou a que se obtivera nunha mensualidade estimada de forma proporcional ao período de consumo efectivo realizado; 2) cinco veces a cota mensual de abono vixente no momento da interrupción, rateado polo tempo de duración desta.

No caso de que se producise unha interrupción temporal do servizo de acceso a Internet, de maneira continua ou descontinua e superior a seis horas en horario de 8 a 22, o cliente terá dereito a unha indemnización automática, cuxa contía será a devolución do importe da cota de abono e outras cotas fixas, rateadas polo tempo

CONDICIÓN XERAIS DO SERVIZO

TARXETA MÓBILES MOVISTAR.



que durara a interrupción. En interrupcións por causas de forza maior, **Movistar** compensará automaticamente ao abonado coa devolución do importe da cota de abono e outras independentes do tráfico, rateado polo tempo que durara a interrupción.

A indemnización realizarase a través dunha recarga no saldo da tarxeta móbiles Movistar.

II.- Salvo interrupcións por causa de forza maior, **Movistar** comprométese a que o tempo acumulado de interrupción do servizo ao longo dun período de facturación sexa inferior a 8 horas. O tempo de interrupción do servizo calcularase como a suma de tempos de indisponibilidade total do servizo telefónico móbil ao longo dun período de facturación.

Movistar indemnizará ao cliente por un importe igual á media do importe facturado por todos os servizos interrompidos durante os tres meses anteriores á interrupción, rateado polo tempo en que se excedera do seu compromiso individual de 8 horas. En caso dunha antigüidade inferior a tres meses, considerarase o importe da factura media nas mensualidades efectuadas ou a que se obtivera nunha mensualidade estimada de forma proporcional ao período de consumo efectivo realizado.

As indemnizacións incluídas neste apartado entenderanse acumulativas das derivadas do disposto no apartado I da presente Condición Xeral.

III.- A indemnización realizarase a través dunha recarga no saldo da tarxeta móbiles **Movistar**.

Para os efectos previstos nos apartados anteriores, así como no caso de que a interrupción temporal do servizo se producira mentres o cliente estaba en itinerancia ou roaming, o cliente deberá dirixir a súa solicitude de indemnización, dentro dos dez días seguintes á data de restablecemento do servizo, mediante unha chamada ao Centro de Relación ao Cliente ou en www.movistar.es con indicación expresa das interrupcións sufridas.

IV.- Non será de aplicación o disposto nas cláusulas anteriores cando a interrupción temporal estea motivada por algunha das seguintes causas:

1.- Incumprimento grave polos clientes das condicións contractuais, en especial en caso de fraude ou demora no pagamento que dará lugar á aplicación da suspensión temporal e interrupción do servizo; 2.- Danos producidos na rede debido á conexión polo cliente de equipos terminais cuxa conformidade non fora avaliada, de acordo coa normativa vixente; 3.- Incumprimento do código de conduta por parte dun prestador de servizos de aplicación de tarifa adicional, cando a titularidade do contrato de abono corresponda a este último.

Protección de datos: **Movistar** informa de que os datos dos seus clientes serán tratados conforme ao establecido na Política de Privacidade de **Movistar**, cuxa información básica se recolle na presente cláusula. O contido íntegro desta política pode consultarse no seguinte enlace: www.movistar.es/privacidad, solicitando un exemplar no **1004** ou nas Tendas **Movistar**.

De conformidade coa normativa europea de protección de datos de carácter persoal e en virtude do establecido na devandita Política, as seguintes empresas do Grupo Telefónica son corresponsables do tratamento dos datos persoais do Cliente **Movistar** en función dos produtos e servizos que teña contratados: Telefónica de España, S.A.U. e Telefónica Móviles España, S.A.U. (en diante e conxuntamente denominadas, para os efectos establecidos nesta cláusula, como "**Movistar**").

En **Movistar** trataremos os datos do cliente para a prestación do Servizo, así como para outras finalidades que, como cliente

Movistar, nos permita ou autorice nos termos recollidos na Política de Privacidade na que, ademais, se recolle toda a información necesaria para que o cliente poida decidir sobre outros tratamentos que requiran o seu consentimento.

Os datos persoais necesarios para a execución do contrato que o cliente achega neste acto, xunto cos obtidos con motivo da prestación do Servizo, así como a través das canles de atención e comercialización, serán incluídos en ficheiros informatizados de datos de carácter persoal titularidade de **Movistar**.

Adicionalmente aos tratamentos recollidos na Política de Privacidade, ao aceptar os presentes termos e condicións de uso do Servizo, o Cliente é informado e autoriza a **MOVISTAR** ao tratamento específico dos seguintes datos de cliente, servizos contratados, facturación, así como os datos de tráfico e localización, cuxo tratamento é necesario, en execución do contrato, para a prestación do Servizo.

Por outra banda, para calquera das finalidades previstas na Política de Privacidade, **Movistar** poderá encargarse do seu tratamento a provedores de confianza. A relación actualizada das categorías dos devanditos provedores así como daqueles que realizan transferencias internacionais de datos no exercicio das súas funcións recóllese en www.movistar.es/privacidad/informativa.

Así mesmo, **Movistar** garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos devanditos datos e iníformalle da posibilidade de exercitar, conforme á devandita normativa, os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, dirixindo un escrito Referencia DATOS, ao: enderezo de correo electrónico TE_datos@telefonica.com, dirixindo un escrito ao Apartado de Correos 46155, 28080 Madrid, ou a través do teléfono gratuito **224407**.

Información ao cliente: O cliente poderá recibir información sobre os servizos, cobertura, tarifas, e sobre calquera incidencia que lle afecte a través do número de teléfono 224430 (custo da chamada con orixe nacional 6 céntimos por minuto e 20 céntimos o establecemento de chamada) e en www.movistar.es. Así mesmo, a través do **1004** o cliente poderá realizar xestións mediante un sistema automático.

Modificación contractual: O Cliente comprométese a comunicar a **Movistar** calquera cambio nos datos do contrato, especialmente nos correspondentes ao domicilio de facturación e da conta bancaria de domiciliación dos pagamentos.

Movistar, co único fin de restablecer o equilibrio das prestacións entre as Partes, poderá modificar as condicións establecidas no contrato e en particular o prezo do mesmo, por algún dos seguintes motivos cando os mesmos obedezan a situacións acaecidas nun momento posterior á fixación das tarifas do Servizo por parte de **Movistar**:

- Incremento dos custos do sector empresarial no que estea presente **Movistar** e que redunden na cobertura, na calidade da rede ou nas características do Servizo prestado.

- Modificacións normativas (incluídos impostos, taxas ou resolucións administrativas ou xudiciais) que afecten ás condicións de prestación do Servizo.

- Incremento do índice de prezos ao consumo (IPC) ou, no seu lugar, do índice de prezos Industriais (IPRI).

Movistar informará ao cliente de calquera modificación con indicación do motivo preciso á que obedece cunha antelación mínima DUN (1) mes á data en que a modificación vaia ser efectiva, tendo o cliente dereito a resolver o contrato sen penalización algunha, sen prexuízo doutros compromisos adquiridos polo propio

CONDICIÓNS XERAIS DO SERVIZO TARXETA MÓBILES MOVISTAR.



cliente. Transcorrido o prazo dun mes sen que Movistar recibira ningunha comunicación, entenderase que o Cliente acepta as modificacións.

NOTIFICACIÓNS: As notificacións que O CLIENTE haxa de efectuar a MOVISTAR con motivo do previsto no presente Contrato e en execución do mesmo, efectuaranse, ben telefonicamente aos números de atención persoal de **MOVISTAR**, ben por escrito aos apartados de correo ou enderezos postais previstos, en cada caso, ao longo deste contrato.

As notificacións e comunicacións por parte de **MOVISTAR** ao CLIENTE realizaranse dalgunha das seguintes maneiras:

(a) Envío por correo postal ao domicilio designado polo CLIENTE para ese efecto no momento da contratación. A falta de designación ou comunicación da modificación do domicilio inicialmente designado, entenderase, para todos os efectos, que o domicilio do CLIENTE é o lugar onde se realiza a prestación do servizo e, en caso de ser estes varios, calquera deles;

(b) Envío por correo electrónico, sempre que iso sexa posible, a calquera dos enderezos de correo electrónico que o CLIENTE facilite a **MOVISTAR** para os devanditos efectos;

(c) Comunicación por medio dunha chamada telefónica ou SMS se procede, ben ao número de teléfono a través do cal se presta o SERVIZO ao CLIENTE, ou ben ao número de teléfono indicado polo CLIENTE no Formulario de Solicitud de Alta no SERVIZO, ou modificado posteriormente polo CLIENTE conforme a esta Condición.

d) Comunicación por medio da área privada "Mi Movistar" do cliente, á que poderá acceder a través da web www.movistar.es ou a aplicación "Mi Movistar", ou as denominacións que substitúan a estas.

Neste sentido, O CLIENTE manifesta que todos os datos facilitados por el son certos e correctos, e comprométese a comunicar a MOVISTAR as variacións que, de ser o caso, se produzan no seu domicilio ou en calquera outro enderezo ou medio de contacto, nos datos de cobramento, así coma en calquera outro tipo de información necesaria para a xestión e o mantemento da relación contractual entre MOVISTAR e O CLIENTE.

Depósitos de Garantía:

1. **Movistar**, recibida a solicitude de alta no servizo e en calquera momento da vixencia do presente contrato, poderá, para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do presente contrato:

- Solicitar ao cliente a constitución dunha garantía, mediante depósito non remunerado en efectivo ou aval bancario.

- Asignar ao cliente un límite de crédito.

2. A adopción desas medidas terá lugar se concorren algunha das seguintes causas:

- A existencia de cantidades impagadas polo cliente por calquera contrato formalizado con **Movistar**.

- O atraso reiterado no pagamento das facturas correspondentes.

- A imposibilidade para **Movistar** de comprobar que o cliente teña solvencia abondo para atender as súas obrigas derivadas do presente contrato. A devandita comprobación levarase a cabo con pleno respecto á lexislación vixente, mediante o acceso a ficheiros automatizados nos que os datos de carácter persoal se obtiveran de conformidade co sinalado no artigo 6.1 b) do Regulamento 2016/679 Europeo de Protección de Datos en relación co artigo 22

do mesmo documento así como calquera normativa que o substitúa ou resulte de aplicación.

- A superación do límite de crédito fixado por **Movistar**.

3. A non constitución da garantía solicitada facultará a Movistar para desestimar a solicitude de alta no servizo do cliente, restrinxir as chamadas saíntes, suspender e/ou resolver o contrato e interrompelo definitivamente.

Se o cliente con débedas pendentes solicitase a resolución do contrato ou baixa no servizo Movistar, o cambio de titularidade ou cesión do contrato, Movistar poderá executar a garantía pola cantidade total debida quedando o remanente a disposición do cliente.

En caso de impagamento, Movistar poderá exercitar o aval presentado polo cliente ou facer seu o importe do depósito nas cantidades impagadas incluído, cando corresponda, o xuro de demora que corresponda e todo iso sen prexuízo do resto de accións que se puidesen derivar por impagamento en virtude do disposto neste Contrato ou da lexislación vixente.

Débedas Pendentes: Así mesmo, no suposto de impagamento, os datos relativos á débeda poderán ser comunicados ás seguintes entidades dedicadas á xestión de sistemas de información crediticia: ASNEF, sistema xestionado pola mercantil EQUIFAX IBERICA S.L. e BADEXCUG, sistema xestionado pola mercantil Experian Bureau de Crédito, S.A. e calquera outra que sexa comunicada oportunamente ao CLIENTE.

Reclamacións: Sen prexuízo doutras accións legais previstas en dereito, as reclamacións sobre o funcionamento dos servizos, tarifas, facturación, calidade ou calquera outra cuestión que poida considerarse en relación coa prestación do servizo, poderán dirixirse a **Movistar**, a través dos números de atención telefónica habilitados con tal fin ou en www.movistar.es no prazo dun mes a contar desde o momento en que se teña coñecemento do feito ou causa que motiva a reclamación, sen prexuízo daqueles supostos nos que a normativa vixente estableza outros prazos para iso. En determinadas circunstancias, e para a mellor resolución daquelas, **Movistar** poderá ofrecer ao cliente a presentación da reclamación por escrito. No mesmo momento de formular a reclamación, facilitarase ao cliente o número de referencia da mesma e, ademais, poderá solicitar un documento que acredite a presentación e contido da reclamación. Formulada a reclamación, se o cliente non obtivera resposta satisfactoria de **Movistar**, no prazo dun mes, poderá dirixirse a súa reclamación ante a Xunta Arbitral que corresponda ou ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID) ou organismo que o substitúa.

Cesión do Contrato: O servizo obxecto deste contrato ten carácter persoal, malia que o cliente poderá cedelo a un terceiro previo consentimento de Telefónica Móviles España, S.A.U. Telefónica Móviles España, S.A.U. poderá ceder este contrato informando previamente o cliente conforme á normativa vixente, e sen prexuízo do dereito que o cliente puidese ter a resolver o contrato.

Libro-Rexistro: Telefónica Móviles España, S.A.U., infórmalle de que en cumprimento do disposto na Lei 25/2007, de 18 Outubro de conservación de datos das comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións está obrigada a solicitar, no momento da adquisición da tarxeta móbiles **Movistar**, os seguintes datos de carácter persoal: nome, apelidos, nacionalidade do comprador e número de documento de identificación utilizado para o caso de persoas físicas, e a denominación social e CIF para as persoas xurídicas. Os devanditos datos, que serán incorporados ao Libro-Rexistro de **Telefónica Móviles España, S.A.U.**, estarán afectados ao cumprimento das finalidades previstas na citada Lei. As tarxetas adquiridas despois da entrada en vigor da Lei esixirán a

CONDICIÓN XERAIS DO SERVIZO

TARXETA MÓBILES MOVISTAR.



comunicación dos datos identificativos con carácter previo á activación da liña.

Respecto das adquiridas antes da devandita data, a comunicación poderá realizarse no prazo de dous anos, transcorrido o cal, a tarxeta poderá ser anulada ou desactivada, sen prexuízo da compensación que puidese corresponderlle.

Condicións particulares:

As presentes condicións particulares só serán de aplicación para aqueles clientes que subscribiron as correspondentes seccións no anverso do contrato.

1.- Compromiso de permanencia

Naqueles supostos nos que o cliente reciba de **Movistar** un apoio económico para a adquisición dun terminal ou outras condicións comerciais especialmente vantaxosas (en diante o "apoiado económico"), e cando así se acordara e aceptara expresamente polo cliente, este comprométese a manter a liña que vinculara ao apoio económico no servizo móbiles **Movistar** e nun plan de prezos que implique un compromiso de consumo igual ou superior ao contratado, durante un número determinado de meses (en diante "compromiso de permanencia"). A cantidade do apoio económico recibido e o número de meses do seu compromiso de permanencia serán os pactados co cliente no anverso do contrato. O cliente poderá darse de baixa no servizo móbiles **Movistar** en todo momento ou cambiar a un plan de prezos que implique un menor compromiso de consumo, aínda que nestes supostos, deberá aboar a **Movistar** unha cantidade proporcional ao período non efectivo do compromiso de permanencia acordado. A mencionada cantidade será pasada ao cobramento ao cliente na súa factura. O impagamento da penalización, como incumprimento contractual, dará dereito a **Movistar** a resolver o presente contrato. O anterior será aplicable igualmente en caso de interrupción definitiva do servizo e suspensión do servizo de recarga automática periódica. En caso de migración da liña ao servizo contrato móbiles **Movistar**, se se beneficia dun novo apoio económico na adquisición dun Terminal e en función do número de meses que reste para o cumprimento do seu compromiso de permanencia de tarxeta, deberá aboar a **Movistar** unha cantidade proporcional ao período non efectivo do compromiso de permanencia. Se o cliente non se beneficiase de ningún novo apoio económico manterase o compromiso pendente adquirido en tarxeta. Infórmase o cliente de que existe a posibilidade de adquirir o mesmo ou outros terminais ou contratar os mesmos servizos sen recibir apoio económico e, polo tanto, sen compromiso de permanencia.

2.- Solicitude de portabilidade

A entrega da solicitude de portabilidade asinada polo abonado ao operador ao que quere cambiar, provocará o inicio do proceso de cambio de operador. A entrega da solicitude poderá producirse en calquera das tendas e distribuidores autorizados de operadores de telefonía móbil. Unha vez asinada e entregada a solicitude de portabilidade, asúmense as seguintes cláusulas: 1. No caso de solicitar a portabilidade, completando para iso o bloque correspondente do anverso do contrato, a persoa cuxos datos se recollen no contrato solicita a alta do servizo en **Movistar**, e comunica o seu desexo simultáneo de causar baixa no operador que lle subministra actualmente o servizo, indicado como operador doante, conservando a súa numeración telefónica móbil.

2. O abonado acepta a posible interrupción do servizo nalgún momento dentro do período entre as 2:00 e as 6:00 horas do día que aplique o cambio de operador, para permitir realizar as actuacións necesarias polos operadores. 3. Desde o momento en que o abonado entregue a solicitude asinada de portabilidade, o cambio de operador deberá realizarse como máximo no prazo dun día hábil contado a partir do seguinte día hábil á entrega, sempre que o abonado non solicitara voluntariamente unha data posterior para a execución da portabilidade, e sempre que a súa solicitude non fora denegada polo operador actual por cumprirse algunha das causas admitidas nas especificacións de portabilidade vixentes. 4. O Cliente poderá cancelar gratuitamente a súa solicitude de portabilidade móbil até as 14 horas do día previo á data do cambio. A solicitude de cancelación deberá formularse polo titular da liña cuxa portabilidade se desexa cancelar a través da web <http://www.movistar.es/contratos>, chamando ao 1004 ou ao 1489 de resposta profesional ou ben acudindo a un Distribuidor

Movistar. Horario efectivo de tramitación de cancelacións de 8:00 a 20:00, de luns a venres, excluíndo as festas de carácter nacional. No caso de particular e autónomos, o Cliente deberá acreditar a súa identidade mediante DNI, Tarxeta de residente, NIE ou Pasaporte e indicar o seu nome, apelidos e o número cuxa portabilidade desexa cancelar. No caso de empresas, a cancelación deberá ser solicitada pola persoa debidamente apoderada por aquela, indicando o nome e CIF da empresa titular, e acreditando a súa identidade mediante DNI, Tarxeta de Residente, NIE ou Pasaporte. Do mesmo xeito, deberá confirmar o número de teléfono de contacto que informara na solicitude de portabilidade. **Movistar** remitirá as comunicacións que correspondan, relativas ao proceso de cancelación, ao número de móbil que o Cliente indicara na solicitude de portabilidade.

5. **Movistar** deberá informar o abonado cando a súa solicitude fora denegada. Nese caso, indicarlle a causa. Para as solicitudes aceptadas, o abonado poderá solicitar gratuitamente ao seu futuro operador información sobre a súa solicitude e o día en que se realizará o cambio efectivo de operador. A partir dese momento o abonado poderá facer e recibir chamadas con **Movistar** e co mesmo número telefónico, unha vez insira no terminal móbil a tarxeta SIM proporcionada polo novo operador.

6. En caso de reclamación, o abonado deberá dirixirse ao departamento ou servizo especializado de atención ao cliente do operador, no prazo dun mes desde o momento en que se teña coñecemento do feito que a motive. Cando o abonado presente a reclamación, o operador está obrigado a facilitarlle o número de referencia dado á reclamación do usuario. Se no prazo dun mes o usuario non recibira resposta satisfactoria do operador, poderá dirixir a súa reclamación polas seguintes vías, de acordo coa normativa propia de cada organismo: Xuntas Arbitrais de Consumo, directamente ou a través dunha Asociación de Consumidores. Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID) ou organismo que o substitúa - Teléfono de consulta: 901 336699. Páxina web: <http://www.usuarioteleco.es/>

7. O solicitante consente o tratamento automatizado dos datos persoais, tanto dos incluídos nesta solicitude coma dos que coñece o operador con quen ten contratado o servizo, coa finalidade de xestionar a solicitude de portabilidade.

8. Así mesmo, o solicitante autoriza a cesión de datos persoais do operador con quen ten contratados os seus servizos, cara a aquel que os prestará en diante, co obxecto e co fin exclusivos da conservación do seu número no proceso de portabilidade e condicionándoa a este motivo.

3.- Recarga automática asociada a factura Contrato Móbiles Movistar ou conta bancaria.

Activación de varios sistemas de recargas: A activación de varios sistemas de recargas, sexa esta sucesiva ou non, estará asociada a un único sistema de pagamento por cada liña de tarxeta móbiles **Movistar**.

O cliente poderá contratar para unha mesma liña de tarxeta móbiles **Movistar** as facilidades de recarga automática.

Do importe máximo mensual, que se reflicte no anverso do contrato (Importe máximo de recarga mensual), é informado o cliente no momento da contratación da facilidade.

Facturación: Movistar estableceu un importe máximo conxunto de recarga mensual para as facilidades de recarga automática. Excepcionalmente, **Movistar** pode autorizar a superación do importe máximo de recarga mensual. Como norma xeral, alcanzado

o devandito importe non se poderán realizar máis recargas a través das devanditas

facilidades, até o inicio do seguinte período de facturación.

Movistar poderá descontar do saldo actual da liña recargada o importe das facturas devoltas que correspondan ás recargas realizadas na devandita liña. O importe a facturar polas recargas establecidas neste contrato dependerá da aplicación do imposto indirecto correspondente.

Impagamento das facturas: No caso de que o cargo correspondente a unha factura sexa devolto por impagamento, **Movistar** poderá suspender e dar de baixa as facilidades de recarga automática desde a data da devolución así como resolver o contrato. Entenderase por suspensión a imposibilidade de realizar recargas nas condicións acordadas. Esta facilidade restablecerase cando os importes debidos se fagan efectivos, incluídos aqueles importes correspondentes ás recargas realizadas con posterioridade á recarga que motivou a devandita suspensión.

Movistar infórmalle de que en supostos de impagamento, os datos

CONDICIÓN XERAIS DO SERVIZO TARXETA MÓBILES MOVISTAR.



relativos á débeda poderán ser comunicados a ficheiros relativos ao cumprimento ou incumprimento de obrigas dinerarias.

Vinculación co contrato de abono ao servizo móbiles Movistar: No non previsto no presente documento, serán de aplicación as cláusulas do contrato de abono ao servizo móbiles **Movistar** ao que están vinculadas as facilidades de recargas. Así mesmo, o cliente acepta que calquera cambio de estado no contrato móbiles **Movistar** (baixa, suspensión, cambio de titularidade, migración, etc.) poida dar lugar á suspensión ou mesmo á baixa das facilidades de recarga contratadas.

Garantías: **Movistar** poderá solicitar ao cliente unha garantía, mediante depósito en efectivo ou aval, para garantir o pagamento das recargas realizadas e/ou condicionar á súa constitución a suspensión de forma inmediata da prestación das facilidades de recarga automática, se concorre algunha das seguintes:

1.- A non achega polo cliente no momento da sinatura do presente contrato, ou nun momento posterior, co obxecto de proceder a unha actualización de datos, de documentación que acredite a veracidade dos datos persoais facilitados.

2.- A existencia de cantidades impagadas polo cliente en calquera dos servizos contratados por **Movistar**.

3.- A falta de acreditación de solvencia suficiente para atender as obrigas que para o cliente derivan do presente contrato. **Movistar** poderá comprobar a solvencia do cliente mediante o acceso a ficheiros automatizados nos que os datos de carácter persoal se obtiveran de conformidade co sinalado na lexislación vixente sobre o tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, así como verificar a exactitude dos datos achegados polo cliente.

4.- Cando se pretenda superar o importe máximo de recarga fixado por **Movistar**.

Modificación datos do contrato: O cliente comprométese a comunicar a **Movistar** calquera cambio nos datos do contrato, especialmente nos correspondentes ao domicilio de facturación e da conta bancaria de domiciliación dos pagamentos.